

COMUNICADO DA COORDINADORA ANTI-ENCORO DE CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA

A Coordinadora informa da remisión á Comisión de Peticións da UE de dúas novas en relación ao expediente incoado polas irregularidades denunciadas na construción e explotación do encoro.

A primeira é o anuncio da activación do estado de alerta na presa pola presenza da cianobacteria na auga.

Consideran relevante que as autoridades europeas coñezan este dato porque a cianobacteria é unha consecuencia do encoro, aínda que a Xunta non o recoñeza e o Alcalde non o diga claramente, pero calquera que teña un mínimo de información sabe que a presenza desta alga potencialmente tóxica débese á eutrofización do encoro e que deixar o río libre sen obstáculos artificiais é a única solución para o problema que se orixina na propia presa.

A segunda é a licitación da dirección facultativa da implantación dos plans de emerxencia de varios encoros, entre os que está o de Caldas, e que ven a supoñer un gasto a maiores de casi un millón de euros en total.

Resulta evidente que no que respecta ao de Caldas non hai utilidade pública ningunha polo que todos son prexuízos e perigo para a poboación e despilfarro de diñeiro público para que o río sirva de negocio a outros.

Caldas non precisaría un plan de emerxencia se non houbera o encoro, e se hai plan de emerxencia é, precisamente, porque o encoro ten un perigo potencial. Así que os veciños ademáis de estar coa auga tóxica estamos co perigo dunha hipotética emerxencia que non teríamos que soportar.

E todo financiado con diñeiro público.

Caldas de Reis, 28/06/19